



Proceso de selección no marco do programa de subvencións dirixidas a Entidades Locais para a contratación temporal de perceptores da RISGA 2023 (Expte: TR351F-2023/38-5)

O presente proceso de selección desenvólvese ao abeiro do disposto na Orde do 9 de xaneiro de 2023 da Concellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia (publicada no DOGA núm. 22, do 1 de febreiro de 2023), en virtude da concesión da subvención outorgada ao Concello de Vigo como entidade beneficiaria, en cumprimento do esixido no artigo 13.e) e logo de ter solicitado a oferta específica do programa de contratación de persoas beneficiarias do RISGA ás oficinas do SPEG, polo que **unicamente poderán participar neste proceso selectivo as persoas demandantes de emprego non ocupadas que - cumprindo cos requisitos da presente convocatoria - foron remitidas polas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).**

O proceso de selección consistirá nunha **proba-entrevista**, que terá unha valoración máxima de **10 puntos**, **non superando** a mesma aqueles que obteñan **unha puntuación inferior a 5 puntos**.

A proba-entrevista terá en conta as aptitudes e valorará principalmente os seguintes elementos:

1. O interese amosado polo posto de traballo.
2. A actitude e o método utilizado na busca activa de emprego.
3. A argumentación dada relativa á importancia da prevención dos riscos laborais.
4. A capacidade relativa ao posto a desenvolver (no caso dos peóns de construción, grado de coñecemento do posto mediante a identificación de ferramentas e o seu uso).
5. As súas expectativas laborais relativas ao posto de traballo.

Coa finalidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 13.d) da orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases de concesións da subvención... "Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares", establécese o seguinte baremo de puntuación que se engadirá ao obtido na proba-entrevista, cara á prelación final das persoas candidatas:

- | | |
|---|-----------------|
| 6. Ter un proxecto de inserción de carácter laboral. | 2 puntos |
| 7. Ser maior de 45 anos na data do proceso de selección | 2 puntos |
| 8. Ter cargas familiares | 2 puntos |

Acórdase establecer como criterios de **desempate** das puntuacións, de ser o caso, a seguinte prelación:

- 1º.- Ter un proxecto de inserción de carácter laboral.
- 2º.- Ser maior de 45 anos na data do proceso de selección.
- 3º.- Ter cargas familiares.
- 4º.- Maior idade.
- 5º.- Por orde alfabética do seu primeiro apelido.

Desenvolvemento Local e Emprego
Programa de inserción laboral "Vigo Emprega"
Rúa Bagunda 1. 36214 Vigo.
Teléfono: 986 263 068 / Fax: 986 253 620
util.oficina@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2023 15:01	Páxina 1 de 2
20094-77	CSV: A7AB29-5E3728-C35BE4-HHHD2G-AD5GQC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Planificación do proceso de selección:

Data	Ocupación	Hora	Nº Candidatos	A Contratar	
29/05/23	Oficiais albaneis	08:00-10:00	30	10	
	Oficiais condutor	10:00-10:45	9	3	
	Oficial fontaneiro	10:45-11:15	3	1	
	Oficial pintor	11:15-11:45	3	1	
	Peóns de construción		11:45-12:45	25	25
			12:45-13:45	25	
		13:45-14:45	25		

Condições salariais ao abeiro do Acordo marco das contratación realizadas no PME, en vigor:

Grupo Cotiza Seg. Soc.	Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Nº MESES: 9	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses e postos)
8	10	Ofi. albanel	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	123.166,80 €
8	3	Ofi. conducción	848,17	141,36	989,53	989,53	84/f	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	36.950,04 €
8	1	Ofi. fontaneiro	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
8	1	Oficial pintor	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
10	25	Peón construción	810,00	135,00	945,00	945,00	84/d	38,30	361,94	1.306,94	11.762,46	294.061,50 €
TOTAL	40	Xornada 75%										478.811,70 €

Na data da sinatura dixital

Conforme:

A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
(Resolución do 11/04/2022)

A Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos Patrimonio e Emprego
(RA de delegación de competencias do 06/09/2022)

Carla Candia Paz

Elena Espinosa Mangana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2023 15:01	Páxina 2 de 2
20094-77	CSV: A7AB29-5E3728-C35BE4-HHHD2G-AD5GQC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		